



Neste número // Avances na constitución da plataforma tecnolóxica / A Cámara de Comercio de Santiago colaborará co Clúster / Contactos coa Administración / Xornada técnica sobre fluxos de traballo PDF.

O Clúster do Produto Gráfico e do Libro Galego inicia o proceso de constitución dunha plataforma tecnolóxica

A misión desta plataforma é contribuír a coordinar todas as accións e iniciativas que favorezan que os membros do Clúster aumenten a súa competitividade coa axuda das novas tecnoloxías

O Clúster do Produto Gráfico e do Libro Galego celebrou o pasado 13 de febreiro unha xornada informativa na que presentou aos seus asociados as liñas xerais da futura plataforma tecnolóxica e do plan de traballo para a súa constitución.

Este acto, ao que asistiron representantes de máis de trinta empresas do Clúster, contou coa presenza de Jacobo Bermejo e Juan

Penas, presidente e xerente do CPGLG, respectivamente, de Pedro Cuesta, presidente do CIT-AGM, e de Álvaro Gómez, consultor de Eosa.

Definición da plataforma tecnolóxica

Unha plataforma tecnolóxica é un lugar de encontro e diálogo de todos os axentes relacionados co sector, e o seu futuro depende en boa medida da capacidade de aumentar a competitividade mediante o desenvolvemento de actividades de investigación e innovación.



De esquerda a dereita: Álvaro Gómez, Jacobo Bermejo, Pedro Cuesta e Juan Penas, na reunión organizada polo Clúster.

“A plataforma defínese como un lugar de encontro e diálogo de todos os axentes relacionados cos diferentes sectores que configuran o Clúster”

Participantes

Os axentes implicados na plataforma tecnolóxica do produto gráfico e do libro galego son os membros do Clúster, os socios tecnolóxicos e entidades financeiras, se ben está

aberta a todas as empresas e institucións galegas interesadas.

Así, xa mostraron o seu apoio a este proxecto a Asociación de Empresarios de Artes Gráficas de Galicia, o Centro Tecnolóxico-



O CPGLG xa puxo en marcha unha páxina web de apoio á plataforma tecnolóxica.

canles de distribución e soportes publicitarios, así como o desenvolvemento de novos materiais multimedia e a dixitalización dos produtos (libro dixital, distribución de contidos por Internet) e a loita contra a pirataría.

Tamén se decidiu que a plataforma encargárase de analizar a viabilidade dun futuro Centro Tecnolóxico do Clúster do Produto Gráfico e do Libro Galego.

Futuras actuacións

Tendo en conta as anteriores conclusións, actualmente estase a avanzar na creación de grupos de traballo para definir proxectos de I+D+i, ao que contribuirá a presenza dun xestor de innovación.

CITAGM, a Cámara de Comercio de Santiago de Compostela, R, Tecnom e Plexus. No ámbito da formación atópase a USC e FEUGA, e no financeiro Caixa Galicia e o Instituto de Desenvolvemento de Caixanova. Por último, Serros, Henche e HP representan ao sector dos provedores de maquinaria.

Conclusións da xornada

Durante esta primeira toma de contacto, os membros do Clúster identificaron os principais retos e desafíos para aumentar a súa competitividade, como son a valoración do papel social e económico da súa actividade, a mellora da súa xestión

“A plataforma contribuirá a que as empresas desenvolvan proxectos de I+D+i que impulsen un cambio na cultura do sector”

interna e da súa rendibilidade, a aplicación das novas tecnoloxías e o coñecemento e posta en valor dos recursos e capacidades das empresas.

Por outra banda, tamén se identificaron as tecnoloxías e liñas de investigación máis relevantes para as empresas integradas no Clúster: ERPs, fluxos de traballo, tecnoloxías de deseño e impresión, novas

Tamén se elaborarán dous documentos clave para a posta en marcha da plataforma. Por unha parte, redactarase a “Visión 2020”, un esbozo da evolución do sector a longo prazo, mentres que, por outra banda, definirase a Axenda Estratéxica de Investigación (AEI), que establecerá as prioridades e necesidades de investigación.

Todas estas propostas fóronlle presentadas ao director xeral de I+D+i, Saustiano Mato, que compartiu unha comida de traballo cos asistentes á xornada.



/ A Cámara de Comercio de Santiago comprométese a traballar co Clúster /

Adhírese como socio da plataforma tecnolóxica e asina un acordo de colaboración para o desenvolvemento de proxectos comúns

O Clúster do Produto Gráfico e do Libro Galego asinou recentemente un convenio de colaboración coa Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela, co obxectivo de desenvolver proxectos de xeito conxunto.

Os presidentes de ambas as dúas entidades, Jacobo Bermejo e Jesús Asorey, selaron o seu compromiso nun acto celebrado nas instalacións da entidade cameral e estiveron arroupados polo xerente

do Clúster, Juan Penas, a secretaria xeral da Cámara, Filomena Casal, e polo secretario xeral adxunto da Cámara, Fernando Barros.

A Cámara de Comercio de Santiago quere integrarse na futura plataforma tecnolóxica e comprometeuse a planificar, organizar e executar misións comerciais directas ao exterior, misións comerciais inversas e á asistencia a feiras internacionais. Ademais, realizará xornadas informativas sobre mercados



Os representantes do Clúster e da Cámara de Comercio no momento da sinatura do convenio.

exteriores e prestará asistencia á plataforma a través dos seus bolseiros e das súas instalacións.

/ Representantes do goberno galego reúnense con membros da Xunta Directiva /

Seguindo o calendario de visitas marcado pola Xun-

ta Directiva, mantivéronse reunións coas Consellerías



O conselleiro de Economía e Facenda, José Ramón Fernández recibiu a Jacobo Bermejo e a Juan Penas.

de Economía, Traballo e Cultura, co fin de dar a coñecer á Administración as necesidades e proxectos do Clúster.

Jacobo Bermejo e Juan Penas mantiveron unha entrevista co conselleiro de Economía e Facenda, José Ramón Fernández Antonio, na que lle presentaron un informe con todas as actuacións realizadas ata o momento e formuláronlle os retos de futuro da agrupación empresarial.

Ánxela Bugallo, conselleira de Cultura e Deporte, tamén quixo escoitar as accións que ten previstas o Clúster a curto e medio prazo, entre elas os diferentes proxectos que impulsarían a internacionalización da cultura galega.

O xerente do Clúster visitou ao director do Centro de Novas Tecnoloxías para estudar as necesidades formativas dos diferentes sectores que configuran a cadea de valor do produto gráfico.

Xornada técnica sobre fluxos de traballo PDF

O Clúster, continuando a súa liña de achegar as novidades do mercado aos seus asociados, organiza un seminario baixo o título "Fluxos de traballo en PDF. Automatización e estandarización para un workflow dixital".

A cita terá lugar o vindeiro 13 de marzo na Cámara de Comercio de Santiago ás 16:30h. Nela Manuel Asorey, director xeral de EPS España, falará da importancia do estándar PDF, das vantaxes da automatización, de fluxos de traballo nas empresas e dos custos derivados da implantación dos mesmos, entre outros asuntos.

Juan Penas continúa a rolda de visitas aos asociados

O xerente do Clúster quere coñecer de primeira man as necesidades e obxectivos dos diferentes sectores que configuran a agrupación empresarial. Por este motivo, decidiu entrevistarse persoalmente con todos os asociados para informarles das diferentes liñas de actuación emprendidas ata o de agora e das accións que se están a desenvolver.

Estas reunións están a resultar altamente produtivas de cara a identificar os intereses dos membros do Clúster nos proxectos que se están a levar a cabo e para coñecer as súas suxestións.

Sara Garea, nova responsable de comunicación

O pasado mes de febreiro incorporouse ao personal do Clúster a xornalista Sara Garea, que asumirá as funcións de responsable de comunicación. Anteriormente, e durante un ano e medio, desenvolveu as tarefas de comunicación na Asociación de Empresarios de Artes Gráficas de Galicia (AEAGG), labor que agora retoma e que compaxinará co seu traballo no Clúster.

Sara Garea é licenciada en Comunicación Audiovisual pola Universidade Pontificia de Salamanca, e posúe experiencia en gabinetes de comunicación, radio e televisión.

/ Reunión da Xunta Directiva /

Os directivos do Clúster celebraron no pasado mes de xaneiro unha reunión de traballo na que realizaron un balance das actuacións desenvolvidas no primeiro semestre do ano 2007 e revisaron as accións que se levarán a cabo a curto e medio prazo en cada un dos catro eixes do Clúster: formación, innovación, internacionalización e competitividade.

Entre os acordos que se tomaron, encóntranse a creación de grupos de traballo para aumentar a operatividade dos proxectos, a inmediata estrea da páxina web do Clúster e continuar mantendo contactos coa Administración para amosarlle o peso que nos corresponde dentro da industria galega.



Recordámoslles que o Clúster do Produto Gráfico e do Libro Galego pon á súa disposición diferentes vías de contacto:
Teléfono: **981 568 969** / Fax: **981 568 993**

Enderezos electrónicos:

juanpenas@clustergrafico.com (Xerente) / comunicacion@clustergrafico.com (Prensa) / cluster@clustergrafico.com (Xeral)